

## DEZ ANOS DE MEDIACIÓN FAMILIAR EN GALIZA

**Xulio Ferreiro Baamonde**

*Prof. Dr. de Dereito Procesual. Universidade da Coruña.*

*<http://invisibel.net>*

Recepción: 15 de maio de 2010

Aceptación polo Consello de Redacción: 8 de xuño de 2010

### **RESUMO:**

Neste artigo abórdase a mediación familiar como xeito de xestionar os conflitos de familia, particularmente daqueles que derivan das situacións de ruptura matrimonial. Os diferentes aspectos da institución son estudados dende a regulación positiva contida na lexislación autonómica galega, xusto cando se cumpren dez anos da súa aprobación. O artigo parte da consideración da mediación familiar como unha alternativa tanto ao proceso matrimonial, como ás capacidades autónomas das partes para tratar o conflito. A mediación familiar é tratada, pois como unha nova institucionalidade axeitada para as problemáticas propias dos modelos familiares diversos característicos da contemporaneidade.

**Palabras clave:** Mediación familiar, proceso matrimonial, divorcio, Lei de Mediación Familiar de Galiza, novos modelos de familia.

### **ABSTRACT:**

This article boards mediation in family matters like a way to manage the conflicts of family, particularly of those that derive of the situations of matrimonial split. The different aspects of the institution are studied since the positive regulation contained in the Galician autonomic legislation, just ten years after its approval. The paper starts from considering that mediation in family matters may be alternative so much to the matrimonial process, as to the autonomous capacities of the parts to deal with the conflict. Mediation is treated, so as a new institution suitable for own problems of the diverse familiar models typical of the contemporary times.

**Keywords:** Mediation in Family Matters, Matrimonial process, Divorce, Galician Mediation in Family Matters Act, New Family models.



## *Dez anos de mediación familiar en Galiza*

**Sumario:** I. Introducción. A mediación como nova fórmula de xestión do conflito familiar. II. Obxecto, concepto e finalidade da mediación familiar. III. A mediación familiar e o proceso. IV. A figura do mediador familiar: elemento central. V. A consecución do acordo, obxectivo da mediación familiar. Bibliografía.

### **I. INTRODUCCIÓN. A MEDIACIÓN COMO NOVA FÓRMULA DE XESTIÓN DO CONFLITO FAMILIAR**

O cambio que nas últimas décadas ten sufrido a institución familiar foi espectacular, sobre todo se se ten en conta o contexto do Estado español, onde tal mudanza ten sido especialmente acusada, ao ter constituído o réxime franquista e a conseguinte orde socio-moral a el vinculada un freo parcial a un proceso de mutacións que xa comezara nos restantes países do seu eido xeográfico. O nacemento de novos modelos de familia, as chamadas por algúns familias postmodernas<sup>1</sup>, ou, mellor dito, a crise do paradigma único de familia típico do fordismo ten sido consecuencia dunha multiplicidade de factores que non son alleos á xeralidade dos científicos sociais nin ao coñecemento intuitivo da poboación en xeral. Sen ánimo de exhaustividade poden sinalarse entre estes factores a emancipación da muller, como consecuencia da progresiva asunción social das demandas feministas, e a súa consecuente incorporación ao traballo e á vida pública en xeral; a diversidade como elemento caracterizador das sociedades contemporáneas, tanto dende o punto de vista da crecente multiculturalidade, derivada dos procesos de globalización e migratorios, como dende a perspectiva do xurdimento de novas formas de autonomía individual/familiar, non necesariamente sometidas a un único modelo lexitimador e, de xeito consecuente, igualmente válidas dende o punto de vista da aceptación social; ou o progresivo aumento do individualismo como un dos elementos configuradores da posmodernidade. Xunto a estes, sendo en ocasións causa ou consecuencia dos mesmos, pero en todo caso, elementos indisolúbeis da mesma ecuación, non debe deixarse de mencionar as transformación económicas e do traballo acaecidas nos últimos decenios, sistematizadas arredor da chamada globalización económica, onde fenómenos como a mobilidade territorial, precariedade, financiarización e autorresponsabilización individual non poden esgazarse dos propiamente sociais, antes sinalados<sup>2</sup>.

Este conxunto de transformacións supuxo, como xa se sinalou, o paso dun modelo familiar único, onde a diferenza era tida como mera anomalía (viuvez, separación, nais

---

1 ROMERO NAVARRO, F.: “La mediación familiar, un ejemplo de aplicación práctica, la comunicación a los hijos de la separación de los padres. El papel del mediador”, *Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos sociales*, nº 40, 2002, p. 31.

2 A estes efectos, a literatura científica é abundantísima, pero pode verse de xeito exemplificativo, BECK, U.: *La sociedad del riesgo. Hacia una nueva modernidad*, Barcelona, 1994.

solteiras, etc.), arredor da familia nuclear tradicional (patriarcal) onde o matrimonio se concibe como indisolúbel – e católico, no caso español – a un modelo familiar diverso, onde diferentes opcións conviven con idéntica validez, en función das múltiples alternativas vitais dos seus compoñentes. Así, segue, evidentemente, existindo a familia nuclear, aínda que esta mesma modificara substancialmente as súas condicións de existencia, xa que raramente a muller, no seo da mesma, se resigna ao papel de mera educadora da prole /coidadora do fogar, xunto a novas realidades, como a convivencia extramatrimonial, a familia monoparental, a familia homosexual- dentro ou fóra da institución matrimonial -, etc.. Por outra banda, o matrimonio, cando existen, non é visto xa como indisolúbel – condición que perdeu no ordenamento xurídico español coa aprobación da Lei do Divorcio 30/81, de 7 de xullo, senón que é esencialmente divisíbel, xa sexa de mutuo acordo, ou pola simple vontade dun dos cónxuxes, que o outro debe respectar, tal e como veu a tomar forma legal no Estado español a través da reforma operada no CC pola Lei 15/2005, de 8 de xullo. En palabras de BAUMAN<sup>3</sup>, pasouse dun modelo de familia *sólida*, a un modelo *líquido*.

A irrupción dun novo modelo familiar deixou orfos de instrumentos de xestión informa das crises familiares aos suxeitos integrantes da institución no que ROMERO NAVARRO designa unha “anomia”<sup>4</sup>, con respecto ás regras éticas e sociais, fenómeno propio do momento de establecemento e conformación da nova realidade. Isto derivou nun aumento da conflictividade familiar que se manifestou, a falla dos mecanismos informais de resolución mencionados, en proceso de creación, nun aumento da litixiosidade familiar, que os tribunais son incapaces de absorber e resolver en termos satisfactorios. Neste contexto debe o xurdimento e auxe da mediación familiar, como medio de xestión do conflito diante da incapacidade para asumir tal misión por parte, tanto dos propios suxeitos implicados na crise, como pola Administración de Xustiza na gran maioría dos casos.

Certo é que o sistema de xestión da ruptura matrimonial, crise familiar paradigmática, ten sido xudicializada en réxime de exclusividade polo lexislador español, pero tamén que este, xunto co tratamento contencioso da separación e divorcio, a través do procedemento do art. 770 LAC, ten dado entrada á autonomía das partes na decisión de disolución ou separación matrimonial a través do procedemento de mutuo acordo do art. 777 LAC, onde a decisión materialmente xurisdiccional foi substituída por un mero control de legalidade – de orde público, en realidade – da disolución proposta polas partes, posto que, neste caso, a denegación da aprobación xudicial só pode estar xustificada na danosidade da solución pactada para os fillos ou no prexuízo grave que esta poida supor para un dos cónxuxes. En consecuencia, o sistema legal español, de acordo cos posicionamentos previos, preveu unha ampla marxe de actuación á autonomía dos cónxuxes ao regular o proceso de separación e divorcio, pese ao cal, a conflictividade provocada por esta institución non ten cesado de aumentar sen que, como se sinalou, a Xustiza puidese resolver satisfactoriamente esta, ao non axustarse a súa estrutura esencialmente adversarial nin ás solucións que ofrece á particular idiosincrasia do conflito familiar, caracterizado, en gran parte das ocasións,

---

3 BAUMAN, Z.: *Tiempos Líquidos*, Barcelona, 2007.

4 ROMERO NAVARRO, F.: “La mediación familiar, *op. cit.*, 2002, p. 31.

pola necesidade de continuar dalgún xeito a relación entre os cónxuxes, pese á extinción do matrimonio, situación especialmente acusada no caso da existencia de fillos comúns.

Na conxunción de ambos fenómenos, é dicir, aumento da conflictividade familiar e incapacidade para xestionala da Administración de Xustiza, é onde hai que situar o nacemento dunha nova institucionalidade<sup>5</sup>, que é a mediación familiar. Curiosamente, cando na maioría das análises sobre mediación se incide na “deformalización” característica desta, non debe deixar de chamarse a atención sobre que en realidade a mesma supón unha solución formalizada – con carácter feble, se se quere – a incapacidade das partes para autoxestionarse. Certo que tal alternativa o é de carácter autocompositivo, outorgando unha considerábel marxe de autonomía ás partes, pero certo tamén que na propia definición da mediación a institución mediadora e o mediador en concreto son elementos esenciais que outorgan ás partes os instrumentos de xestión do conflito dos cales elas non se puideron dotar directamente. Neste sentido, e fronte á énfase que tradicionalmente se ten posto na mediación como alternativa ao sistema xudicial – ADR -, non pode deixar se sinalarse aquí que se cadra a substitución non o sexa do proceso, senón da autoxestión polos implicados das súas crises familiares en termos satisfactorios<sup>6</sup>.

Como queira que sexa, a mediación familiar tivo unha rápida expansión nos últimos anos. Xurde na década dos 70 do Século pasado nos EE.UU., para posteriormente estenderse a Canadá, Latinoamérica, e Europa, chegando a España na década dos 90, primeiro a través de certos proxectos piloto<sup>7</sup>, y obtendo posteriormente recoñecemento lexislativo na primeira década do Século XXI a nivel autonómico, primeiro en Cataluña – Lei 1/2001, de 15 de marzo, de mediación familiar de Cataluña -, despois en Galiza – Lei 4/2001, de 31 de maio de mediación familiar de Galicia (LMFG) – e xeneralizándose posteriormente á práctica totalidade das Comunidades Autónomas, como Valencia (2001), Canarias (2003), Castela- A Mancha(2005), Baleares e Castela e León (2006), Asturias e Madrid (2007), País Vasco (2008), Andalucía (2009). Polo que a Galiza se refire está, pois a punto de se cumprir unha década de vixencia da Lei de Mediación que, entre tanto, ten permanecido practicamente inmodificada. O presente traballo irá dirixido a analizar o seu articulado á luz dos aportes lexislativos e doutrinais destes últimos dez anos, examinando a

---

5 ROMERO NAVARRO, F.: “La mediación familiar, *op. cit.*, p. 33

6 Segundo MORENO MARTÍN, F.: “La mediación y la evolución histórica de la idea de conflicto”, en *Mediación: un método de ? conflictos*, Madrid, 2010, p. 36, tres son fundamentalmente as tendencias postmodernas que conduciron a unha auxe da mediación, algunhas delas apuntadas parcialmente nesta introducción: a) profesionalización da vida cotiá, segundo a cal certos ámbitos até o de agora vedados á institucionalización formal e resoltos directamente polos cidadáns están sendo sometidos a tratamento mercantil, como pode ser o coidado de nenos, dependentes, etc.; b) modificación das relacións de autoridade, o que implica unha resistencia ás solucións impostas (tal e como sería o caso da decisión xudicial); e c) exacerbación da subxectividade entendida como unha preeminencia da visión propia fronte ás influencias exteriores

7 Vide BERNAL SAMPER, T.: “Mediación extrajudicial”, en *Mediación y protección de menores en Derecho de Familia*, Madrid, 2005, p. 32.

súa adaptación aos mesmos, ao contexto social anteriormente trazado e ás transformacións que na análise da mediación se teñen ido introducindo.

## II. OBXECTO, CONCEPTO E FINALIDADE DA MEDIACIÓN FAMILIAR

De acordo co sinalado anteriormente, a mediación familiar eríxese como un método de resolución dos conflitos que xorden no eido da familia, cuxos integrantes son incapaces de xestionar por si mesmos<sup>8</sup>, coa fin de evitar a xudicialización do mesmo ou, no caso de ser esta precisa por previsión legal (separación e divorcio, por exemplo) ofrecer ao xuíz solucións pactadas e voluntariamente aceptadas polos suxeitos protagonistas. A mediación, con carácter xeral, pois, é un método de resolución (ou xestión) de conflitos de carácter autocompositivo, que pon énfase na participación voluntaria e protagonista dos suxeitos en disputa, de xeito que, coa axuda dun terceiro, que os guía no proceso, acade un acordo mutuamente consentido que poña fin á controversia.

Dende o punto de vista teórico, para os defensores da mediación o conflito non é unha anomalía da vida social – ou familiar, nese caso – senón unha manifestación normal das diferencias de intereses que os individuos posúen no marco dunha sociedade plural<sup>9</sup>. Dende este punto de vista, a mediación supón un xeito de tratar o conflito que permite evitar os seus efectos danosos e constrúe ámbitos de consenso dende os cales a relación entre as partes pode superar o mesmo e construír unha relación dende novos parámetros<sup>10</sup>. O xeito no que o fai o proceso de mediación é a través de potenciar as capacidades de relación e acordo entre as partes – que soas foron incapaces – a través da figura central do mediador. Este carácter consensual do proceso de mediación é recoñecido no art. 2 da Lei Galega, ao sinalar que a mediación consiste na “intervención dos profesionais especializados requiridos voluntariamente e aceptados en todo caso polas partes en condición de mediador (...) que actuarán en funcións de cooperación e auxilio a aquelas persoas que teñen ou tiveron unha relación familiar, para ofrecerlles unha solución pactada á súa problemática matrimonial ou de parella”. En todo caso se a Lei regula estrictamente un sistema de mediación, a solución pactada non será ofrecida polo mediador no sentido que este haxa de propor o contido do acordo, senón acompañar ás partes no camiño de encontrar a súa propia solución. Sen embargo, a Lei galega permite ao mediador a proposición de solucións (art. 7.2), co cal, o que vén a comprobar a norma non é estrictamente un proceso de mediación, senón máis

8 BERNAL SAMPER, T.: *La mediación, una solución a los conflictos de ruptura de pareja*, Madrid, 2008, 4ª ed., p. 86.

9 GARCÍA GARCÍA, L.: *Mediación familiar. Prevención y alternativa al litigio en los conflictos familiares*, Madrid, 2003, p. 66

10 Neste sentido, ROMERO NAVARRO, F.: “La mediación familiar, *op. cit.*, p. 35, sinala como a mediación familiar ofrece aos participantes un ritual de tránsito que posibilita integrar as decisións que as partes deben tomar, as emocións asociadas a elas e os cambios de status e roles. Favorece que a ruptura da parella se constitúe nun paso cara diante no ciclo evolutivo da familia e non nun obstáculo insalvável para construír relacións diferentes entre todos os seus membros.

ben de conciliación<sup>11</sup>, aínda que debe entenderse que ambos métodos de intervención deben estar amparados baixo o paraugas legal.

O atractivo fundamental da mediación atópase en que esta ofrece ás persoas en conflito a posibilidade de poñer fin a este por si mesmas, potenciando a autonomía dos individuos tamén en situacións de crise, traballando xuntas, xa que o acordo se acada a través dun proceso cooperativo<sup>12</sup>, e consensuadamente, de xeito que ambas deben aceptar a solución á que se chegue<sup>13</sup>. Tal xeito de tratar o conflito casa ben co carácter privado co que os integrantes da familia perciben o mesmo, o que pode provocar resistencias á súa xurisdiccionalización, posibilitándose unha alternativa á mesma<sup>14</sup>. As vantaxes de tal xeito de actuación son indubidábeis, non só por eximir ás partes do recurso á vía xurisdiccional, senón porque esta forma de resolver o conflito é máis satisfactoria para os involucrados; na medida en que levan a cabo a iniciativa do recurso, ten máis posibilidades de ser cumprido, dado que o consenso en canto ao acordo fai máis difícil a resistencia a levalo á práctica e contribúe á pacificación da sociedade, posto que elimina controversias que, doutro xeito se cronificarían<sup>15</sup>. Así, os implicados na disputa evitan o paso pola Administración de Xustiza aforrando non só os custes do proceso, senón os problemas e tensións que este pode xerar<sup>16</sup>. Neste senso, é común aducir o cambio de dinámica propia do proceso xudicial<sup>17</sup>, onde a decisión do xuíz implica unha parte vencedora e outra perdedora, fronte á dinámica “gañador/gañador” propia da mediación, dado que o acordo nesta adoita satisfacer, cando menos parcialmente, os intereses de ambos contendentes. Por outra banda, a función pacificadora da mediación contraponse á continuidade e enquistamento do conflito que adoita seguir á decisión xudicial, incapaz pola súa propia estrutura de abordar con total amplitude as razóns de fondo deste, o que si pode facer a mediación ao posuír unha configuración dialogada. Isto é especialmente acusado en conflitos dominados por unha alta compoñente relacional e emocional, como

---

11 Sobre a diferencias entre mediación e conciliación, vide GALEOTE MUÑOZ, M.P.: “La mediación”, en *Sistemas de solución extrajurisdiccional de conflictos*, R. Hinojosa Segovia, coord., Madrid, 2006, p. 65

12 A fundamentación autónoma e cooperativa da mediación é salientada por BERNAL SAMPER, T.: *La mediación...*, op. cit., p. 90, ao sinalar que, en primeiro lugar, ofrece unha visión positiva do conflito, aceptando a diversidade como promotora de solucións creativas; favorece a comunicación entre as partes, proporcionando ferramentas axeitadas para ese obxectivo, como un lugar neutral e privado onde sexa máis doado realizar esta comunicación e finalmente potencia a participación das partes no desenvolvemento do proceso de solución de conflitos, fortalecendo as responsabilidades.

13 ARMAS HERNÁNDEZ, M. DE: “La mediación en la resolución de conflictos”, *Educación*, 32, 2003, p. 126.

14 GARCÍA GARCÍA, L.: *Mediación familiar...*, op. cit., p. 81; PÉREZ MARTELL, R.: *Mediación civil y mercantil en la administración de justicia*, Valencia, 2008, p. 23.

15 ROMERO NAVARRO, F.: “La mediación familiar”, op. cit., p. 39

16 GARCÍA GARCÍA, L.: *Mediación familiar...*, op. cit., p. 104

17 Vide GARCÍA GARCÍA, L.: *Mediación familiar...*, op. cit., p. 115; BERNAL SAMPER, T.: *La mediación...*, op. cit., p. 56;

é o caso daqueles que se producen no seo da familia<sup>18</sup>. Finalmente, a maior satisfacción da mediación adoita vir da autonomía na resolución do conflito, que se opón á imposición da resolución que se produce no proceso, como institución heterónoma por excelencia, imposición da cal derivan, moi posibelmente, o resto das súas implicacións, e a resistencia á aceptación da mesma como solución xusta do conflito por aquel que resultou perdedor<sup>19</sup>. Dende o punto de vista estrictamente procesual, dende logo, sempre será máis beneficioso para as partes poder tramitar a separación ou divorcio de xeito consensual, que acudir ao procedemento contencioso, tanto emocionalmente como economicamente<sup>20</sup>.

Aínda que a mediación se ten empregado con éxito na xestión de todo tipo de conflitos, se cadra é no ámbito da mediación familiar onde as súas características poden ser especialmente axeitadas, debido ao tipo de problemáticas que se van abordar, a especial relación entre as partes, así como a dimensión dinámica do conflito intrafamiliar que obriga a renovar as decisións xa tomadas e adaptalas aos novos contextos da realidade que vaian xurdindo, algo que a decisión xudicial non pode facer, o que xera novso litixios e maior conflictividade<sup>21</sup>. A Lei de Mediación Familiar de Galiza non prevé como mediábel calquera conflito que se produza no seo da familia, xa que segundo o art. 6 “poderán someterse a unha actuación de mediación familiar (...) todas aquelas, derivadas das relacións persoais ou paterno-materno-filiais, decuxa disposición podan facer as partes” sempre e cando “sexan susceptíbeis de ser cuestionadas xudicialmente”, realizándose unha especial mención aos supostos de ruptura matrimonial e de parella (art. 1). Certo é que, estrictamente, das relacións paterno-materno-filiais non dispoñen as partes, ao ser esta materia de orde público, o que implica que o xuíz non deba respectar, como se ten sinalado, mesmo ao someterlle a aprobación un convenio regulador, a solución pactada para as partes, se a mesma redunda en prexuízo para o menor ou un dos cónxuxes.

---

18 ROMERO NAVARRO, F.: “La mediación familiar, *op. cit.*, p. 32. Como sinala este autor, o uso da vía contenciosa como medio para resolver os conflitos tende a manter e reproducir o esquema gañador / perdedor, favorecendo a confrontación e a imposición en virtude da forza do poder de quen o posúa. A dinámica que xera o proceso trae consigo a radicalización das posicións de ambos membros da parella, e a crispación da relación interpersoal. Substitúense progresivamente as normas informais que conducen as relacións familiares polas normas legais, co que se acaba xerando unha dependencia xudicial na toma de decisións. *Ibidem*, pp. 37-38. En sentido semellante, GARCÍA GARCÍA, L.: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 71.

19 GARCÍA GARCÍA, L.: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 148.

20 ROMERO NAVARRO, F.: “La mediación familiar...”, *op. cit.*, p. 40; BERNAL SAMPER, T.: *La mediación...*, *op. cit.*, p. 75.

21 LUQUIN BERGARECHE, R.: “Teoría y práctica de la mediación intrajudicial en España: algunos factores de eficacia de la mediación en conflictos familiares”, en *La mediación civil y penal. Un año de experiencia*, Madrid, 2007, p. 45. Esta autora tamén sinala a ínstia imprevisibilidade da solución xudicial nos supostos de familia, habida conta do uso de conceptos xurídicos indeterminados, como poden ser “interese do menor”, “deberes de protección”, que conducen a un aumento da litixiosidade e da insatisfacción coas solucións dispensadas xudicialmente, *ibidem*, p. 20.



En todo caso, fronte á posibilidade de incluír a totalidade da problemática familiar no seo da mediación familiar, a lei galega optou por restrinxir o seu ámbito de aplicación á evitación do proceso a través da reconciliación<sup>22</sup> e aos conflitos susceptíbeis de seren tratados no proceso, o que implicaría, especialmente, aos derivados da ruptura de parella, coas súas implicacións persoais e patrimoniais, así como as respectivas ao coidado dos fillos, prestación de alimentos, etc.<sup>23</sup>. Esta perspectiva limitada en canto ao seu ámbito de aplicación, froito do carácter seminal da norma<sup>24</sup>, contrasta coa extensión das materias obxecto de mediación que realizaron posteriormente outras normas autonómicas, como a Lei valenciana, que preveu dentro da súa regulación a mediación dos máis diversos conflitos intrafamiliares, como os derivados da xestión de empresas familiares, do encontro entre fillos adoptivos e pais biolóxicos e, en xeral, de calquera conflito xurdido no ámbito da familia (art. 13 Lei Mediación Familiar da Comunidade Valenciana).

En canto ao concepto de familia, a Lei galega, coherente co limitado ámbito de aplicación que regula, reserva a mediación para a familia matrimonial e as parellas cunha relación estábel a efectos de regular as situacións de ruptura (art. 4 LMFG).

De cara ao futuro, non estaría de máis, que a lexislación galega recoñecese a posibilidade doutros conflitos familiares susceptíbeis de ser tratados a través do proceso de mediación cando os integrantes da unidade familiar se visen imposibilitados a os solucionar de xeito autónomo, posibilitando a estes o acceso aos servizos públicos de mediación, prevendo mesmo mecanismos de gratuidade, alí onde fose necesario polo nivel de renda dos implicados, como serían o caso das relacións paterno-materno-filiais, máis alá dos supostos de ruptura tales como, por exemplo, a adopción de acordos cos fillos adolescentes sobre as normas de convivencia familiar, o coidado de dependentes, cando o conflito sexa entre irmáns, por exemplo, aspectos relativos á tutela de incapaces,

---

22 En todo caso, a maioría da doutrina entende, fronte a algún autor como TORRERO MUÑOZ, M.: “La mediación familiar: una alternativa a la resolución de los conflictos familiares”, *Actualidad Civil*, nº 3, 2000, p. 861, que a mediación non debe servir para modificar a decisión de ruptura previamente tomada. Isto pode que ocorra no devir do proceso dialogado, como decisión voluntaria das partes, pero non debe fixarse a reconciliación como un dos fins deste, xa que, como se sinalou, do que se trata non é de convencer á parella de cambiar a decisión que tomou, senón de axudalos a xestionar a crise que esta decisión – unilateral ou consensual – ten xerado. Neste sentido, *vide* LUQUIN BERGARECHE, R.: *Teoría y práctica de la mediación familiar intrajudicial y extrajudicial en España*, Madrid, 2007. p. 130, n. 5, e ESPÍN ALBA, I.: “Mediación familiar: reflexiones al hilo de la Ley 4/2001, de 31 de mayo, reguladora de la mediación familiar en Galicia”, *Revista xurídica Galega*, nº 32, 2001, p. 303, criticando la redacción de la ley gallega.

23 ESPÍN ALBA, I.: “Mediación familiar...”, *op. cit.*, p. 302.

24 Como sinala ESPÍN ALBA, I.: “Mediación familiar...”, *op. cit.*, p. 301, a decisión de restrinxir o ámbito de aplicación dan orma é propio dunha primeira aproximación á materia, sendo o éxito da institución a que debería marcar a progresiva ampliación do mesmo.

xestión do patrimonio familiar, etc..<sup>25</sup>. Esta perspectiva debe adoptarse sempre e cando se entenda a mediación como un xeito de pacificación da vida familiar, mesmo en conflitos dificilmente susceptíbeis de xudicialización, en aras a facilitar a harmonía familiar, e é coherente, ademais, coa base competencial da norma, que non é a relativa á Administración de Xustiza, senón de asistencia social – como afirma o propio preámbulo da Lei -, o cal exime ao lexislador de partir do ámbito xudicial ao deseñar a mediación.

### III. A MEDIACIÓN FAMILIAR E O PROCESO

Se se pretende que as partes acudan a mediación con carácter preferente ao proceso xudicial, como xeito de resolución dos conflitos derivados das crises de parella, cómpre regular as relacións entre unha e outra institución e, mesmo, establecer pasarelas entre ambas, de xeito que poidan complementarse<sup>26</sup>, sobre todo cando, como no caso galego, o ámbito obxectivo da mediación coincide exactamente co xudicial. O art. 1 da LMFG vén recoñecer esta íntima relación e prevé o uso da mediación con carácter previo ao proceso, de xeito que se permita chegar cun acordo a este, ou mesmo evitalo, pero tamén “para atopar saída a procedementos xudiciais en curso”, de xeito que a mediación sirva para dar remate anticipado ao proceso, ou transformar un procedemento contencioso noutro de mutuo acordo. Non debe pasarse por alto a perspectiva utilitarista que en moitas ocasións se atopa tralos programas de mediación que poden ser vistos, sobre todo polos operadores xudiciais, como un medio de aforrar tempo e esforzo procesuais, derivando a resolución do conflito a un terceiro alleo ao sistema xurisdiccional e desconxestionando, con isto, cando menos parcialmente, a sempre saturada Administración de Xustiza. Dende este punto de vista, pero tamén pensando nas innegábeis vantaxes que a mediación familiar pode supor para a parella en crise, xa anteriormente aludidas, é habitual que as normas procesuais vaian incluíndo no seu articulado, cada vez máis, formas de promoción das solucións mediadas de xeito que se supla en parte o xeral descoñecemento que a poboación ten sobre as mesmas.

Así, o art. 4.3 LMFG sinala que “a autoridade xudicial poderá propor ás partes, conforme ao previsto na lexislación civil e procesual, a mediación durante o desenvolvemento dos procesos de separación, divorcio ou nulidade ou en calquera outros supostos de ruptura da convivencia de parella”, co cal se está prevendo unha remisión á mediación por parte do xuíz<sup>27</sup> que, sen embargo, non pode pasar de ser un *desideratum*,

---

25 *Vide*, ao respecto, TORRERO MUÑOZ, M.: “La mediación familiar...”, *op. cit.*, p. 863; ROMERO NAVARRO, F.: “La mediación familiar...”, *op. cit.*, 2002, p. 40; LUQUIN BERGARECHE, R.: “Teoría y práctica...”, *op. cit.*, p. 50.

26 GARCÍA GARCÍA, L: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 97; GRANADOS PÉREZ, F.: “Mediación y administración de Justicia”, en *Mediación y protección de menores en Derecho de Familia*, Madrid, 2005, pp. 70-71.

27 Nesos supostos, como afirma LUQUIN BERGARECHE, R.: “Teoría y práctica...”, *op. cit.*, p. 49, debe o xuíz ter en conta as características dos intereses en xogo, a complexidade das relacións e a sensibilidade social da materia. Sen embargo, semella difícil que o xuíz, nun momento inicial do proceso poda ter un coñecemento pleno do conflito que faga posíbel unha

habida conta a ausencia de competencias en materia procesual da Comunidade Autónoma, de acordo co art. 149.1.6 CE. Sen embargo, esta previsión da norma autonómica casa perfectamente coa nova redacción do art. 770.7º LAC, dada por Lei 15/2005, de 8 de xullo, que permite ás partes “solicitar a suspensión do proceso de conformidade co previsto no art. 19.4 desta Lei, para someterse a mediación”, de acordo co cal tal suspensión poderá manterse por un prazo de 60 días, o que demostra a vontade do lexislador estatal de potenciar a mediación como forma de resolución da crise de parella e coa previsión xeral dos arts. 415 e 428.2 LAC, segundo os cais, o xuíz deberá procurar o acordo entre as partes, de aplicación ao xuízo verbal segundo a doutrina<sup>28</sup> e, en consecuencia, aos xuízos matrimoniais, así como o expresamente sinalado no art. 771.2, respecto do procedemento de medidas provisionais previas á demanda, podendo consistir esta aproximación xudicial das partes na remisión a un procedemento de mediación, o art. 773.1, que permite someter a aprobación xudicial o acordo ao que as partes chegasen sobre medidas provisionais derivadas da admisión da demanda, e o art. 770.3º, que prevé a comparecencia persoal das partes no proceso contencioso de separación e divorcio, a efectos, debe entenderse, de poder chegar a acordos entre as cónxuxes<sup>29</sup>.

En xeral, pode afirmarse que o lexislador desexa evitar ás partes do proceso familiar a imposición xudicial do arranxo ao conflito, permitindo en repetidas ocasións a consecución dun acordo pola súa banda, sen prexuízo do control xudicial do mesmo, xa sinalado, ocasións todas elas que poden ser aproveitadas para a promoción da mediación, xa sexa estimulada polo xuíz, ou a iniciativa propia das partes. Neste contexto debe facerse referencia, en consecuencia, á posibilidade de tentar forzar o acordo das partes con carácter previo á presentación da demanda xudicial, tal e como se fai en certos modelos de mediación familiar norteamericana, e defende parte da doutrina<sup>30</sup>. Esta posibilidade non

---

avaliación completa do mesmo, polo que será o que opinen as partes en canto ás posibilidades de mediación a súa principal guía ao efecto. Unha opinión semellante en canto ao papel avaliador e facilitador da mediación do xuíz pode verse en ORTUÑO, P.; VÁZQUEZ, P.: “La mediación civil y penal (alternativas a la judicialización de los conflictos)”, en *La mediación civil y penal. Un año de experiencia*, Madrid, 2007, pp. 75-76.

28 ARAGONESES MARTÍNEZ, S.: *Los procesos declarativos ordinarios*, Madrid, 2000, p. 127. En contra, sen embargo, maniféstase MONTERO AROCA, J.: *Tratado del juicio verbal*, Navarra, 2003, p. 912. A doutrina especializada en mediación non é partidaria, sen embargo, deste papel conciliador do xuíz, pois, como sinala GARCÍA GARCÍA, L: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 167, córrese o perigo de que este se contamine para a ulterior continuidade do proceso, en caso de que non acade o acordo, e á lóxica reticencia das partes a expor os seus problemas con total sinceridade a quen ha de resolver o litixio en defecto de solución consensual. En sentido semellante, maniféstase PÉREZ GIMÉNEZ, M.T.: “La mediación familiar, perspectiva contractual”, *Aranzadi Civil*, 26, 2006.

29 Vide ao respecto, GONZÁLEZ DEL POZO, P.: “El desarrollo de la vista”, en *Los procesos de familia: una visión judicial*, E. Hijas Fernández, coord., Madrid, 2007, pp. 374-375.

30 Como por exemplo, TORRERO MUÑOZ, M.: “La mediación familiar...”, *op. cit.*, p. 868. GARCÍA GARCÍA, L: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 137, fai referencia a diversos estudos realizados en EUA, segundo os cales a mediación familiar obrigatoria presenta – alí onde está

está contemplada – nin podería estalo, polas razóns competenciais antes sinaladas – na norma galega, e non parece que sexa conveniente dende o punto de vista da voluntariedade da mediación como elemento esencial da mesma, sobre o que máis adiante se volverá. Algúns autores defenden, sen embargo, a posibilidade de que se remita ás partes cando menos a unha sesión informativa sobre mediación en vistas a dar a coñecer ás partes este sistema e poder decidir con coñecemento de causa sobre a prosecución do procedemento contencioso, suplindo así o déficit de coñecemento público existente sobre a mediación, tal e como se fai, por exemplo, na Lei Inglesa de Familia de 1996<sup>31</sup>.

O acordo en mediación pode ser introducido no proceso en diversos momentos deste. A LMFG reconece a posibilidade de que o recurso á solución conciliada sexa previo ao xuízo (art. 4), o que permitirá ás partes acudir directamente ao art. 777 LAC, acompañando á solicitude de separación ou divorcio unha proposta de convenio regulador que se terá consensuado na mediación, como reconece expresamente o art. 777.2 LAC. O acordo deberá ser sometido á aprobación xudicial, previa audiencia do Ministerio Fiscal e dos fillos menores, se os houbese. Se a sentenza non aprobase en todo ou en parte o convenio regulador proposto, concederáse ás partes un prazo de dez días para propor novo convenio, limitado, no seu caso, aos puntos que non fosen aprobados polo tribunal, momento en que de novo as partes poderán someter estes puntos non aprobados xudicialmente a mediación, de xeito que se presente novo acordo no prazo sinalado legalmente de 10 días<sup>32</sup>.

Tamén a disputa que se formalice a través dun proceso contencioso pode ser sometida a mediación, recórrase ou non á previa suspensión do proceso regulada no art. 770.7º LAC, previa necesaria comunicación ao xuíz de que paralelamente ao proceso xudicial se está sometendo o asunto a mediación (art. 7.3 LMFG). Nestes supostos, o art. 770.5º LAC abre a vía a que as partes cheguen a un acordo – que poderá ser mediado, evidentemente – en calquera momento procesual, dando lugar á transformación do proceso, que seguirá a partir dese momento os trámites do art. 777 LAC, é dicir, o do mutuo acordo, aínda que tal

---

establecida – índices de satisfacción e acordo similares aos da mediación voluntaria. En contra, sen embargo, da obrigatoriedade da remisión, maniféstase a práctica totalidade da doutrina española, como pode verse en PÉREZ GIMÉNEZ, M.T.: “La mediación familiar...”, *op. cit.*,

31 GARCÍA GARCÍA, L: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 30; LUQUIN BERGARECHE, R.: “Teoría y práctica...”, *op. cit.*, p. 54. En contra, mesmo da sesión informativa obrigatoria amósase BERNAL SAMPER, T.: *La mediación...*, *op. cit.*, p. 87, ao entender que esta pode supor un obstáculo á voluntariedade do recurso á mediación.

32 Sería conveniente, sen embargo, como sinala GARCÍA GARCÍA, L: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 188, que o xuíz tivese unha actitude favorábel á validación dos acordos acadados en mediación, mentres os menores non se atopen en situacións obxectivas de risco e o seu interese superior estea garantido, xa que a familia debería ser libre e soberana para estipular como lle pareza máis conveniente as relacións post-criese, e o xuíz ha de dar un voto de confianza, tanto ás partes como ao mediador ao respecto, sen substituír os criterios familiares polos seus propios. En todo caso, hai que ter en conta que tamén o mediador debe utilizar como criterio fundamental na súa actuación o respecto aos intereses do menor (art. 8.3 LMFG).

conversión pode non ser precisa cando o acordo mediado se manifieste na vista regulada no art. 774, podendo ser aprobado polo xuíz a través da sentenza, dando así eficacia executiva á solución pactada.

Tanto a adopción de medidas previas á demanda como coetáneas á mesma son tamén momentos procesuais oportunos para facer valer un acordo das partes ao respecto, tal e como se desprende dos arts. 771.3 e 772.2 e 773.3 LAC. Estes casos, sen embargo, serán máis raros na práctica, xa que se as partes acadaron un acordo antes da presentación da demanda, ou no momento de presentar a mesma, o normal é que este se estendese á totalidade da relación e non só ao tempo que dure o proceso contencioso, aínda que non cabe descartarse que poda chegarse a un acordo transitorio e se presente a demanda mentres continúa a mediación para acadar un acordo definitivo<sup>33</sup>.

Sen embargo, non debe desbotarse a posibilidade de que a resolución xudicial aprobando o convenio regulador ou a sentenza que reflicte o acordo das partes non supoña o fin do conflito entre elas, que pode ser reavivado por circunstancias sobrevidas ou non tidas en conta no momento do pacto, de acordo co carácter dinámico da relación familiar – sobre todo cando existen fillos comúns – xa sinalado anteriormente. A lexislación procesual prevé tal circunstancia e para isto regula o procedemento de modificación de medidas definitivas, no que tamén existe posibilidade de facer valer o acordo negociado, tal e como se desprende do art. 775.2 LAC. De todos xeitos poden existir determinadas disputas de interpretación do convenio regulador e de aplicación práctica do mesmo, que non precisen de resolución xudicial, pero nos que poida ser conveniente o acordo das partes, co que sería positiva que estas puidesen ter expedito o camiño da mediación<sup>34</sup>. Este tipo de actuacións ficarían excluídas do ámbito da LMFG, de acordo co art. 6.1, pero son recoñecidas, sen embargo, expresamente polo art. 4.1.b, que permite o recurso á mediación “para a instrumentación dos medios axeitados que posibiliten o mellor cumprimento e execución das sentencias ditadas en ditos procesos, con arranxo ao pactado previamente entre as partes”. En consecuencia, tal e como anteriormente se sostivo, sería conveniente eliminar do art. 6 LMFG a referencia á susceptibilidade de xudicialización do conflito mediado. De todas formas, este art. 4.1.b LMFG presenta o problema de que semella excluír *a priori* a mediación para resolver disputas relativas á execución de sentencias que non fosen froito do acordo previo, vedando a posibilidade de que medien agora quen non puido acadar un acordo no momento da separación ou divorcio, o cal carece de xustificación..

Por último, non hai que esquecer o recurso á mediación por parte de parellas non casadas para regular a separación de feito, en particular co respecto ás relacións paterno-filiais, tal e como sinala o art. 4.2 LMFG, pero sen descartar as que afecten ás relacións puramente de parella. No caso de que existan fillos menores, as solucións procesuais

---

33 MARTÍN NÁJERA, M.T.: “La mediación intrajudicial”, en *Mediación y protección de menores en Derecho de Familia*, Madrid, 2005, p. 243; LUQUIN BERGARECHE, R.: *Teoría y práctica...*, *op. cit.*, p. 320.

34 MARTÍN NÁJERA, M.T.: “La mediación intrajudicial...”, *op. cit.*, p. 244; LUQUIN BERGARECHE, R.: *Teoría y práctica...*, *op. cit.*, p. 320

serían análogas ás sinaladas para as parellas matrimoniais. Sen embargo, no segundo caso, haberá de acudirse ao procedemento ordinario que corresponda en función da contía, podendo facer valer os posibles pactos aos que se chegase en mediación a través das formas anticipadas de finalización do proceso (arts. 19 e ss) e das posibilidades de conciliación xudicial antes sinaladas, tanto na audiencia previa do xuízo ordinario, como na vista do verbal. Tampouco pode descartarse nestes casos a ausencia de xuízo e a aprobación xudicial do acordo mediado a través da conciliación dos arts. 460 LAC 1881<sup>35</sup>.

#### IV. A FIGURA DO MEDIADOR FAMILIAR: ELEMENTO CENTRAL

A lei de Mediación Familiar de Galiza non só supón unha regulación desta institución por parte do lexislativo autonómico, senón tamén un compromiso da Comunidade Autónoma coa promoción da mediación como medio de resolver as disputas familiares, a través da instauración dun verdadeiro servizo público con este cometido, en canto o art. 6.4 LMFG sinala que a Xunta de Galiza, “a través dos seus recursos propios, ofrecerá programas de mediación e de orientación familiar”. Esta previsión lexislativa non se ten desenvolvido, porén, no seo da Comunidade Autónoma galega a través da creación dunha estrutura organizativa pública destinada á posta en práctica directa de tales programas, senón que se realizou a través da instauración dun rexistro de mediadores que habilita aos profesionais axeitados radicados en Galiza para o exercicio de tales funcións e do seu financiamento, en caso de insuficiencia de medios para litigar, a través do programa *Mediagal*, de acordo co principio de gratuidade da mediación recollido no art. 9 LMFG. A mediación familiar en Galiza constitúese, neste sentido, como unha profesión liberal regulada onde a intervención pública se limita á xestión do rexistro de mediadores, a formulación das bases legais de exercicio, o nomeamento do mediador e a súa designación no caso de que as partes non a fagan de mutuo acordo, e financiamento do proceso naqueles casos nos que as partes carezan de medios económicos.

A iniciación do procedemento de mediación producirase a iniciativa das partes, en todo caso, haxa ou non a previa remisión xudicial, de acordo co principio de voluntariedade (art. 8.1 LMFG), antes comentado. Así o establece o art. 12.1 LMFG, que prevé a posibilidade de que o proceso de mediación se inicie “a petición de ambos cónxuxes ou de común acordo da parella, ou a instancia dunha das partes, coa aceptación posterior da outra, ben actúen a iniciativa propia, ou ben a proposta da autoridade xudicial”. En todo caso, evidentemente, a parella sempre poderá acudir ao mediador que desexen – de común acordo – previa solicitude á Xunta art. 14 Decreto 15/2003), sempre e cando, este se atope inscrito no Rexistro. (Porén, non debe deixar de terse en conta a posibilidade de que a parella acuda á mediación sen previa solicitude á Xunta de Galiza, mesmo elixindo como mediador a unha persoa non inscrita, sometendo posteriormente o acordo a aprobación xudicial, a través dos mecanismos procesuais xa sinalados, aínda que dende logo, nestes casos, as partes non estarían amparados pola actuación supervisora da Xunta de Galiza). Cando non mediase acordo en canto á persoa do mediador, será a administración

---

35 PLANES MORENO, M.D.: “Uniones de hecho y relaciones paterno-filiales”, en *Los procesos de familia: una visión judicial*, E. Hijas Fernández, coord., Madrid, 2007, pp. 78-79.



autonómica a que realice a designación, tal e como sinala o art. 12.2 LMFG, a través dun sistema rotatorio (art. 16.2 Decreto 15/2003), encargándose de comunicar ao mediador o nomeamento efectuado. A capacidade das partes de elixir o mediador mantense mesmo en caso de recoñecemento do dereito á gratuidade da prestación, o que é consecuenta coa centralidade da relación de confianza entre partes e mediador. Esta necesidade, intrínseca ao funcionamento da mediación familiar, refórzase pola obriga de colaboración activa das partes co mediador, tal e como norma o art. 10 LMFG: “as partes terán que manter o seu compromiso de respecto ás actuacións promovidas pola persoa mediadora, mantendo unha posición de colaboración e apoio permanente ás súas funcións”, xa que sen tal actitude, nunca poderá o procedemento chegar a bo termo, habida conta do seu carácter esencialmente cooperativo, xa mencionado.

O desenvolvemento de funcións de mediación familiar require en consecuencia, de inscrición no rexistro. Tal inscrición resérvase aos titulados en Dereito, Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Traballo Social, ou Educación Social, que desenvolvesen nos dous anos previos á solicitude de inscrición actividades profesionais no campo psico-socio-familiar e estean en posesión das licencias e autorizacións pertinentes para o exercicio da súa actividade profesional e, no seu caso, inscrito no colexio profesional correspondente (o cal é especialmente importante para aqueles avogados que realicen tamén tarefas de mediación familiar) (art. 3 Decreto 159/2003, de 31 de xaneiro). A normativa galega non esixe a aqueles que desexen inscribirse no Rexistro de mediadores, a necesidade de ter unha formación específica en mediación, tal e como se fai noutras Comunidades Autónomas<sup>36</sup>. Dende o ámbito profesional da mediación, véñse pedindo cada vez máis a creación de titulacións *ad hoc*<sup>37</sup> – por outra banda, cada vez máis estendidas en diversas modalidades, como cursos profesionais, posgraos, cursos de especialista, mestrados, etc.- A nova estruturación dos estudos universitario a partir do proceso de Boloña, abre unha oportunidade para a creación de Mestrados Universitarios en mediación, que capacitasen profesionalmente e aos que poderían acceder Graduados de diversas procedencias (Dereito, Psicoloxía, etc.), de xeito que se suplisen as carencias formativas de cada sector profesional á hora de exercitar a mediación<sup>38</sup>.

A figura do mediador é clave no desenvolvemento do proceso de mediación, tal e como recoñece o propio preámbulo do Regulamento de mediación familiar de Galiza. En consecuencia, a lei galega e o Decreto 15/2003, adican gran parte do seu articulado a regular os dereitos e deberes, así como as funcións e requisitos de acceso – xa sinalados – do mediador. A normativa galega, fronte a outras, como a de Castela e León, non recoñece, sen embargo, a posibilidade de atribuír a equipos multidisciplinares a asunción

---

36 Así, por exemplo, en Valencia (art. 7 Lei 7/2001), Canarias (art. 5 Lei 15/2003), Madrid (art. 12 Lei 1/2007). Vide ao respecto LUQUIN BERGARECHE, R.: *Teoría y práctica...*, op. cit., p. 297

37 LUQUIN BERGARECHE, R.: *Teoría y práctica...*, op. cit., pp. 316-317.

38 O anteproxecto de Lei de mediación en materia civil e mercantil establece unicamente, sen embargo, a necesidade de ter algunha titulación de Grao.

das tarefas mediadoras, o que posibilitaría un tratamento máis completo do proceso<sup>39</sup>. De feito, regula como obriga do mediador o desenvolvemento de forma persoal das funcións encomendadas (art. 5. Decreto 15/2003) e unicamente prevé a inscrición no rexistro de persoas físicas de xeito individual.

Se a confianza entre mediador e partes é fundamental, é obvio que o mediador debe posuír un status de imparcialidade que garanta, tanto esa confianza<sup>40</sup>, como a xustiza do resultado acordado polas partes. Por outra banda, a imparcialidade do mediador é esencial á hora de equilibrar as posicións das partes, suplindo os déficit que algún dos membros da parella poda ter á hora de soste os seus propios intereses na confección do acordo<sup>41</sup>. Por estas razóns, o art. 8.3 LMFG, reconece a imparcialidade dos mediadores como un dos principios de actuación dos mesmos e se inclúe a independencia no desenvolvemento das súas funcións como un dos dereitos que o Decreto 15/2003 lles reconece (art. 4). Así mesmo, o propio Decreto establece unha serie de causas de abstención e recusación: ter interese persoal no obxecto da mediación; ter cuestión litixiosa pendente coas partes; ter vínculo de parentesco por consanguinidade ou afinidade con algunha das partes, asesores, representantes legais ou mandatarios, así como compartir o despacho profesional ou estar asociado con estes para o asesoramento, a representación e o mandato; ter amizade íntima ou inimidade manifesta con algunha das persoas citadas anteriormente; ter intervido como perito ou testemuña no proceso xudicial previo á mediación (o que inhabilita aos equipos psico-sociais dos xulgados para realizar este tipo de mediación); e ter relación de servizo coas partes intervenientes na mediación ou terlles prestado servizos profesionais de calquera tipo ou en calquera circunstancia ou lugar, agás servizos de mediación familiar (o que inhabilitaría, en principio, aos avogados das partes). A concorrencia dalgunha destas causas implica a obriga do mediador de absterse (art. 5 Decreto 15/2003), baixo a conminación de ser sancionado por falla grave no caso de non facelo (art. 22 LMFG) e a posibilidade de recusación por calquera das partes diante da administración autonómica (art. 6.3 Decreto 15/2003).

O mediador deberá orientar a súa actividade a aproximar os criterios de cada parte en conflito en orde a obter acordos principalmente sobre as relacións paterno-filiais, a custodia e os alimentos (art. 3.2 LMFG), outorgándolle a Lei a facultade de “proponer solucións, a aceptar ou non libremente polos suxeitos en conflito”. Este comportamento activo no aporte de solucións materiais para chegar ao acordo casa mal coa tradicional definición da mediación como un achegamento das partes en canto á forma de tomar os acordos, pero non en canto ao fondo dos mesmos<sup>42</sup>. Habitualmente, a doutrina refírese a esta posición do mediador como a pertinente de acordo co principio de neutralidade,

---

39 Nese sentido, LUQUIN BERGARECHE, R.: *Teoría y práctica...*, op. cit., p. 268. Tamén contempla a existencia de institucións de mediación o Anteproxecto de Lei de Mediación en materia civil e mercantil (art. 5).

40 BUTTS GRIGGS, T.: “La mediación en los Estados Unidos: contexto y experiencias”, en *Mediación y protección de menores en Derecho de Familia*, Madrid, 2005, p. 202.

41 GARCÍA GARCÍA, L.: *Mediación familiar...*, op. cit., p. 140.

42 Vide TORRERO MUÑOZ, M.: “La mediación familiar...”, op. cit., p. 859



segundo o cal o mediador debe conducir ás partes a que atopen os seus propios acordos, axustados aos seus valores e cosmovisión, sen caer na tentación de impoñelos de acordo coas súas ideas ou principios<sup>43</sup>. En todo caso, este principio está sendo cuestionado ultimamente pola literatura especializada en resolución de conflitos<sup>44</sup> e a matización ao mesmo sinalada, abre a porta a intervencións no baseadas nunha concepción demasiado estrita do principio de neutralidade no ámbito da Lei.

Esencial tamén á función do mediador, e moi conectado coa confianza entre os intervinientes na mediación é tamén o principio de confidencialidade, recollido nos arts. 8 e 11 LMFG e como obriga dos mediadores no art. 5 Decreto 15/2003. A confidencialidade se establece para acadar a confianza das partes á hora de se expresar en mediación e saber a ciencia certa que tales manifestacións non se utilizarán na súa contra nun futuro proceso xudicial diante dun fracaso da mediación. Por isto o deber de secreto esixe que os intervinientes na mediación renuncien a propor ao mediador como testemuña o perito nun proceso civil relacionado co asunto sometido a mediación. Esta prohibición de comunicación procesual debería estenderse tamén a todos os papeis, anotacións e actas xeradas durante toda a mediación<sup>45</sup>. Cabe preguntarse se non habería de ampliarse tal deber de confidencialidade ás partes diante da posibilidade de que para algunha delas a mediación non sexa máis que un simulacro co cal obter información que despois utilizar ao seu favor nun proceso contencioso<sup>46</sup>. Se cadra apelar á boa fe dos participantes non abonde e haberá que considerar algunha consecuencia no ámbito procesual se se producise este uso desviado do mediación, en manifesto abuso da boa vontade da contraparte.

O deber de confidencialidade non é absoluto<sup>47</sup> e ten como excepción, segundo o art. 11.2 LMFG, a información relativa a un procedemento de mediación que sexa requirida polo Xuíz ou polo Ministerio Fiscal, así como a utilizada para fins estatísticos. Así mesmo, cando no transcurso da mediación xurdisen indicios de comportamentos que supoñan unha ameaza para a vida ou integridade física ou psíquica dalgunha das persoas afectadas pola mediación, deben poñerse en coñecemento da autoridade xudicial ou fiscal. Se cadra as excepcións ao principio de confidencialidade que establece a lei galega sexan demasiado amplas<sup>48</sup>. En primeiro lugar, pola excesiva inxerencia que se lle permite ao xuíz do proceso

---

43 Neste sentido, ESPÍN ALBA, I.: “Mediación familiar...”, *op. cit.*, 2001, p. 298, sinala que a auctoritas que exerce o mediador na dirección do proceso non debe confundirse coa substitución das partes na toma de decisións. Sobre o principio de neutralidade poder verse tamén LUQUIN BERGARECHE, R.: *Teoría y práctica...*, *op. cit.*, p. 158. Este principio é recollido tamén no Anterproxecto de Lei de mediación en materia civil e mercantil (art. 10).

44 MAYER, B.S.: *Más allá de la neutralidad...*, *op. cit.*, p. 55

45 GARCÍA GARCÍA, L.: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 144

46 MAYER, B.S.: *Más allá de la neutralidad...*, *op. cit.*, pp. 134-135.

47 GARCÍA GARCÍA, L.: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 145.

48 Ao mesmo tempo que non se inclúen outras sinaladas pola doutrina, como o acordo de todas as partes ou a necesidade de demostrar a inxustiza da mediación, por exemplo, tal e como sinala BUTTS GRIGGS, T.: “La mediación en los Estados Unidos...”, *op. cit.*, p. 200, ou o interese do menor, como apunta ORTIZ PRADILLO, J.C.: “La mediación en la Unión Europea: la directiva

matrimonial no ámbito da mediación. Xa anteriormente se sinalou o perigo da perda de imparcialidade que o xuíz pode correr se se involucra na solución mediada, debido á perda de confianza das partes se quen media – ou quen coñece todo o acontecido na mediación, o cal é semellante a estes efectos – tamén decide en caso de falla de acordo<sup>49</sup>. Isto pode derivar, como se mencionou tamén máis arriba, no fracaso da mediación ao non expresarse as partes con total liberdade e seguridade na mesma. No segundo lugar, parecería axeitado outorgar ao mediador a capacidade de segredo profesional que se recoñece aos avogados ou eclesiásticos, de cara á obrigatoriedade de denunciar todos os delitos que coñeza en mediación ou de declarar sobre eles nun proceso penal, cinguindo as mesmas unicamente aos supostos de grave perigo para a vida ou integridade física dunha das partes, tal e como se intúe do art. 11.3 LMFG<sup>50</sup>. Sen embargo, tal exención dos deberes xerais establecidos na LACrim deberían realizarse a través da lei estatal<sup>51</sup>, dada a imposibilidade competencial da norma autonómica para afectar a normativa procesual penal.

## V. A CONSECUCIÓN DO ACORDO, OBXECTIVO DA MEDIACIÓN FAMILIAR

A Lei de Mediación Familiar de Galiza non regula o procedemento de mediación en si mesmo, máis alá da primeira sesión, no entendemento que a súa estruturación e desenvolvemento deben guiarse pola práctica profesional do mediador, segundo o programa que se elabore nesta primeira entrevista, o que non deixa de presentar problemas, habida conta da ausencia dunha formación específica en mediación como requisito para a inscrición no rexistro. De todos xeitos, esta non predeterminación do método operativo implica a posibilidade de desenvolver no seu seo praxes diferentes, de acordo coas diversas tendencias metodolóxicas existentes na materia<sup>52</sup>.

---

sobre certos aspectos de la mediación en asuntos civiles y mercantiles”, en *Mediación: un método de ? conflictos*, Madrid, 2010, pp. 69-70

49 GRANADOS PÉREZ, F.: “Mediación y administración...”, *op. cit.*, pp. 82-83; LUQUIN BERGARECHE, R.: *Teoría y práctica...*, *op. cit.*, p. 111.

50 Neste sentido, vide BUTTS GRIGGS, T.: “La mediación en los Estados Unidos...”, *op. cit.*, p. 218.

51 Sobre a necesidade de reforma neste sentido, vide LUQUIN BERGARECHE, R.: *Teoría y práctica...*, *op. cit.*, p. 318. Porén, o Anteproxecto de lei de mediación en materia civil e mercantil, remítese á lexislación procesual neste sentido, sen introducir o segredo profesional neste ámbito. .

52 Tal predeterminación tampouco se realiza no Anteproxecto de Lei de Mediación en Materia Civil e Mercantil. Case todos os autores e autoras que se achegaron á mediación realizan unha división do proceso en diversas fases metodolóxicas, como pode verse en: ARMAS HERNÁNDEZ, M. DE: “La mediación en...”, *op. cit.*, pp. 132-133; BERNAL SAMPER, T.: “Mediación extrajudicial...”, *op. cit.*, p. 37. Como exemplo pode sinalarse a estruturación en fases realizada por BUTTS GRIGGS, T.: “La mediación en los Estados Unidos...”, *op. cit.*, p. 210; para este autor, incluíría unha introdución ao proceso e ao contrato de mediación; unha fase de recollida de información onde o mediador convidaría ás partes a contar a situación; a continuación, a fase onde o mediador fai un resumo do exposto polas partes e salienta os intereses, confirmando

Nesta primeira reunión as partes exporán ao mediador os motivos que os levaron diante del, e o mediador elaborará un programa de actuación que debe ser aceptado polas partes. O mediador está obrigado a ser especialmente cauteloso nesta primeira entrevista se a mediación xurdiu a iniciativa dunha das partes, para non sementar a desconfianza no outro membro da parella<sup>53</sup>. En caso de desconformidade das partes coa proposta realizada, poderán solicitar o remate anticipado da mediación e, no seu caso, o nomeamento dun novo mediador (arts. 13 e 15 LMFG). Tamén fixarán nesta primeira sesión o prezo das seguintes – a Lei non sinala nada ao respecto, cando non existe dereito á gratuidade –, aínda que esta primeira en ningún caso poderá superar os 60 €.

Algúns autores sinalan a conveniencia de formalizar un contrato de mediación que recolla os dereitos e obrigas do intervenientes<sup>54</sup>. A Lei galega non preveu esta posibilidade, pero semella innecesaria dada a regulación pública e a intervención da administración autonómica na designación dos mediadores e no control da actividade destes.

A lei prevé unha duración do proceso flexíbel, atendendo ao número e complexidade das cuestións a tratar, pero que, en todo caso, non será superior a tres meses, prorrogábeis por outros tres. A tendencia a establecer unha limitación é congruente coa aspiración da mediación a abaratar os custes en tempo e diñeiro do proceso xudicial, o que non acadaría se a mediación se prolongase indefinidamente<sup>55</sup>. Cando se recoñeza a gratuidade, esta cubrirá un máximo de seis sesións, o cal non abonda na maioría dos casos para resolver un proceso de mediación, posto que a doutrina adoita coincidir en indicar a necesidade de realizar entre oito e dez sesións<sup>56</sup>, polo que a Administración autonómica debería realizar un esforzo económico para poder ofrecer ás partes o tempo axeitado para chegar a un acordo sen estar aguillados pola necesidade de rematar no breve prazo durante o cal gozan da gratuidade. En canto á duración de cada sesión, nada se di na normativa autonómica, pero os autores aconsellan da orde de 90 minutos como máximo<sup>57</sup>.

Tampouco regula a Lei galega a participación dos fillos comúns no procedemento de mediación para que o mediador poda coñecer as opinións destes sobre os asuntos que lles incumben. Se cadra a indeterminación legal ten relación coa falla de unanimidade

---

o sistema a tratar en mediación, e realizando con elas un temario; na seguinte fase escóllese algún dos temas e se profunda, recollendo máis información sobre o mesmo; tras coñecer mellor o tema xéranse opcións sobre como resolvelo e négóciase unha solución que satisfaga na mellor medida posíbel os intereses de todas as partes; seguidamente, escóllese outro tema e se trata unicamente este do mesmo xeito que o anterior, ate que non queden máis temas para resolver. Na fase final recóllense os acordos sobre cada tema e se reúnen nun acordo global.

53 ARMAS HERNÁNDEZ, M. DE: “La mediación en...”, *op. cit.*, p. 132.

54 TORRERO MUÑOZ, M.: “La mediación familiar...”, *op. cit.*, p. 863; PÉREZ GIMÉNEZ, M.T.: “La mediación familiar...”, *op. cit.*

55 GARCÍA GARCÍA, L: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 198.

56 GARCÍA GARCÍA, L: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 43; LUQUIN BERGARECHE, R.: *Teoría y práctica...*, *op. cit.*, p. 286.

57 LUQUIN BERGARECHE, R.: *Teoría y práctica...*, *op. cit.*, p. 286

doutrinal ao respecto, pois mentres algúns autores entenden a intervención dos menores proveitosa para acadar o acordo, outros desaconséllana, debido ás implicacións que esta participación poda ter para o benestar do menor<sup>58</sup>, ou porque entenden que restaría protagonismo á parella á hora de resolver autonomamente os conflitos. En todo caso, a falla de previsión legal específica, deberá ser o mediador quen en cada caso, segundo o seu criterio, decida se é ou non beneficiosa a entrevista cos menores e o xeito de realizala<sup>59</sup>.

Unha mediación proveitosa debería rematar cun acordo que se reflectise na acta da sesión correspondente, para que non caiba dúbida dos termos do mesmo e dos compromisos adquiridos polas partes (art. 15.2 LMFG). O acordo pode ser total ou parcial<sup>60</sup>, pero en ambos casos pode ser recoñecido xudicialmente a través das diversas posibilidades sinaladas no epígrafe terceiro deste traballo. A estes efectos, a Lei prevé a notificación do acordo pola Xunta de Galiza ao xuíz competente cando así o requira este (art. 16.2). De todos xeitos, tal prescrición de novo volve a amosarse especialmente inquisitiva, xa que nun contexto dominado pola voluntariedade das partes, e onde a capacidade do xuíz de remitir a mediación non pode pasar dunha simple recomendación ou información, deben ser estas as que decidan a forma en que o acordo se oficialice. De feito, en certos casos, dependendo do contido dos acordos e da situación da parella, estes poden ser formalizados a través dun contrato ou da intervención dun notario, por exemplo, que asegure a capacidade de esixir o cumprimento do acordo pola contraparte<sup>61</sup>. En todo caso, a experiencia demostra que os acordos acadados en mediación adoitan ter un grao máis alto de cumprimento voluntario, como consecuencia de terse acadado contando coa vontade das partes e a súa participación<sup>62</sup>, o cal é unha das principais causas de satisfacción cos procedementos de mediación<sup>63</sup>.

58 En este sentido vide GARCÍA GARCÍA, L: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 207.

59 HINOJAL LÓPEZ, S.: “Los menores ante la mediación”, en *Mediación y protección de menores en Derecho de Familia*, Madrid, 2005, p. 163.

60 GARCÍA GARCÍA, L: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 189, tamén alude á posibilidade de acordos progresivos, de xeito que se acadasen uns acordos mínimos e estes fosen postos en práctica durante un período de tempo. Posteriormente estudaríanse as consecuencias deses pactos e as partes someteríanse a unha segunda fase de mediación para resolver os problemas pendentes ou os xurdidos como consecuencia de levar á práctica os problemas pendentes.

61 A isto refírese PÉREZ GIMÉNEZ, M.T.: “La mediación familiar...”, *op. cit.*, cando sinala que o acordo se pode obter á marxe dun proceso matrimonial, sendo necesaria a homologación de tal acordo. En sentido semellante, GARCÍA GARCÍA, L: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 187.

62 GARCÍA GARCÍA, L: *Mediación familiar...*, *op. cit.*, p. 149.

63 BERNAL SAMPER, T.: “Mediación extrajudicial...”, *op. cit.*, p. 16, mide esta satisfacción en función da frecuencia das relacións entre pai ou nai non custodio e seus fillos, que é en xeral alta, polas manifestacións das partes en canto á calidade e cantidade desta. As avaliacións mencionadas por esta autora demostraron que a mediación é unha axuda no caso dos menores, garántelles a compañía e atención de ambos pais, como un dereito/necesidade para o seu desenvolvemento psico-social, e serviu para que os fillos non se involucren no conflito emocional da parella, non se introduzan no enfrontamento xudicial; continúen relacionándose coa familia extensa e aprendan xunto ás familias xeitos negociados de resolver os problemas.

Malia ser o acordo o obxectivo final da mediación, evidentemente, a Lei tamén prevé a posibilidade de que a mediación finalice sen acordo. O art. 7.2 LMFG establece que o mediador pode declarar a finalización anticipada das súas funcións diante da imposibilidade de chegar a unha solución pactada, debendo recollerse na acta os motivos da falla de acordo (art. 15.2). Especial relevancia neste ámbito terá a capacidade do mediador para determinar a incapacidade dalgún dos participantes na aceptación e adquisición de compromisos. Un mediador que atope problemas tales como alcolismo, toxicomanías, ludopatía, etc., debe facer unha análise rigorosa da capacidade de discernimento das partes, desaconsellando ou interrompendo a mediación<sup>64</sup>.

Un suposto específico de remate anticipado é o previsto no art. 8 LMFG, que obriga a non iniciar ou interromper, no seu caso, calquera proceso de mediación no que estivese implicada unha muller que sufra ou sufrise violencia de xénero, cando así o detecte o mediador. Este motivo de remate anticipado é comunmente aceptado pola doutrina, posto que se considera que a muller victimizada nestes casos non posúe a suficiente voluntariedade nin autonomía á hora de chegar a acordos, debido ao desequilibrio estrutural que a violencia introduce na parella, o que podería levar a aceptar acordos pouco vantaxosos para ela<sup>65</sup>. Esta consideración foi asumida na Lei Integral de Violencia de Xénero (art. 44), ao prohibir a mediación en calquera suposto onde exista violencia contra a muller, a través da inclusión dun novo art. 87 ter LOPX. Tal taxatividade normativa vén sendo, sen embargo, cuestionada por parte da doutrina, na consideración de que a estratexia penal que preside a a represión da violencia de xénero é demasiado inflexíbel para respostar axeitadamente en todos os casos<sup>66</sup>. Así, mentres en certos supostos de violencia estrutural na parella, a mediación parece que debería excluírse, noutros – legalmente violencia de xénero, debido ao concepto extensivo da mesma que se asumiu na lexislación española – cabería un espazo á libre determinación da muller á hora de atopar o camiño que lle permita tratar coa violencia que sufriu. O contrario supón seguir considerando á muller incapaz de tomar decisións por si mesma, o que non é senón unha visión patriarcal baseada na inmadureza desta e na correspondente necesidade de tutela mesmo contra a súa vontade. Así, en certos casos onde non existe gravidade nas condutas sufridas nin unha situación de violencia estrutural na parella, semella conveniente ofrecer alternativas máis alá da mera actuación punitiva do Estado, o que vén sendo defendido por un número cada vez meirande de autores<sup>67</sup>. Unha destas alternativas podería ser a mediación.

---

64 ESPÍN ALBA, I.: “Mediación familiar...”, *op. cit.*, pp. 301-302; ROMERO NAVARRO, F.: “La mediación familiar”, *op. cit.*, p. 42; BUTTS GRIGGS, T.: “La mediación en los Estados Unidos...”, *op. cit.*, p. 217.

65 TORRERO MUÑOZ, M.: “La mediación familiar...”, *op. cit.*, p. 864

66 Sobre a estratexia penal na loita contra a violencia de xénero en España pode verse FERREIRO BAAMONDE, X.: “La tutela de la víctima de violencia de género: la seguridad como objetivo del proceso penal”, en *La respuesta penal a la violencia de género*, L.M. Puente Aba, Dir., Granada, 2010, pp. 239-278.

67 ORTUÑO, P.; VÁZQUEZ, P.: “La mediación civil y penal...”, *op. cit.*, p. 80; ESQUINAS VALVERDE, P.: *Mediación entre víctima y agresor en violencia de género*, Valencia, 2008, pp. 122-123; CASTILLEJO MANZANARES, R.: “Mediación en violencia de género, una solución o un pro-

## BIBLIOGRAFÍA

- ARAGONESES MARTÍNEZ, S.: *Los procesos declarativos ordinarios*, Madrid, 2000.
- ARMAS HERNÁNDEZ, M. DE: “La mediación en la resolución de conflictos”, *Educación*, 32, 2003, pp. 125-136.
- BECK, U.: *La sociedad del riesgo. Hacia una nueva modernidad*, Barcelona, 1994.
- BERNAL SAMPER, T.: “Mediación extrajudicial”, en *Mediación y protección de menores en Derecho de Familia*, Madrid, 2005, pp. 11-50.
- BERNAL SAMPER, T.: *La mediación, una solución a los conflictos de ruptura de pareja*, Madrid, 2008, 4ª ed..
- BUTTS GRIGGS, T.: “La mediación en los Estados Unidos: contexto y experiencias”, en *Mediación y protección de menores en Derecho de Familia*, Madrid, 2005, pp. 183-220.
- CASTILLEJO MANZANARES, R.: “Mediación en violencia de género, una solución o un problema”, en *Mediación: un método de ? conflictos*, Madrid, 2010, pp. 193-204.
- ESPÍN ALBA, I.: “Mediación familiar: reflexiones al hilo de la Ley 4/2001, de 31 de mayo, reguladora de la mediación familiar en Galicia”, *Revista xurídica Galega*, nº 32, 2001, pp. 295-314.
- ESQUINAS VALVERDE, P.: *Mediación entre víctima y agresor en violencia de género*, Valencia, 2008.
- FERREIRO BAAMONDE, X.: “La tutela de la víctima de violencia de género: la seguridad como objetivo del proceso penal”, en *La respuesta penal a la violencia de género*, L.M. Puente Aba, Dir., Granada, 2010, pp. 239-278
- GALEOTE MUÑOZ, M.P.: “La mediación”, en *Sistemas de solución extrajudicial de conflictos*, R. Hinojosa Segovia, coord., Madrid, 2006, pp. 61-90.
- GARCÍA GARCÍA, L.: *Mediación familiar. Prevención y alternativa al litigio en los conflictos familiares*, Madrid, 2003.

---

blema”, en *Mediación: un método de ? conflictos*, Madrid, 2010, p. 204. MAYER, B.S.: *Más allá de la neutralidad...*, *op. cit.*, p. 103, destaca que nestes casos deben estremarse as cautelas, de xeito que a mediación sempre sexa voluntaria – fronte a certas lexislacións estatais en Norteamérica que a converten en obrigatoria antes do proceso matrimonial -; as vítimas necesitarían defensores, considerándose mesmo o realizar a mediación sen confrontación física entre as partes; non debería realizarse en caso de desprotección da vítima nin cando o abuso físico fose prolongado.



- GONZÁLEZ DEL POZO, P.: “El desarrollo de la vista”, en *Los procesos de familia: una visión judicial*, E. Hijas Fernández, coord., Madrid, 2007, pp. 335-402.
- GRANADOS PÉREZ, F.: “Mediación y administración de Justicia”, en *Mediación y protección de menores en Derecho de Familia*, Madrid, 2005, pp. 67-84.
- HINOJAL LÓPEZ, S.: “Los menores ante la mediación”, en *Mediación y protección de menores en Derecho de Familia*, Madrid, 2005, pp. 147-181.
- LUQUIN BERGARECHE, R.: “Teoría y práctica de la mediación intrajudicial en España: algunos factores de eficacia de la mediación en conflictos familiares”, en *La mediación civil y penal. Un año de experiencia*, Madrid, 2007, pp. 13-66.
- LUQUIN BERGARECHE, R.: *Teoría y práctica de la mediación familiar intrajudicial y extrajudicial en España*, Madrid, 2007.
- MARTÍN NÁJERA, M.T.: “La mediación intrajudicial”, en *Mediación y protección de menores en Derecho de Familia*, Madrid, 2005, pp. 221-248.
- MAYER, B.S.: *Más allá de la neutralidad. Cómo superar la crisis de la resolución de conflictos*, Barcelona, 2008.
- MONTERO AROCA, J.: *Tratado del juicio verbal*, Navarra, 2003.
- MORENO MARTÍN, F.: “La mediación y la evolución histórica de la idea de conflicto”, en *Mediación: un método de ? conflictos*, Madrid, 2010, pp. 21-40.
- ORTIZ PRADILLO, J.C.: “La mediación en la Unión Europea: la directiva sobre ciertos aspectos de la mediación en asuntos civiles y mercantiles”, en *Mediación: un método de ? conflictos*, Madrid, 2010, pp. 55- 72.
- PÉREZ GIMÉNEZ, M.T.: “La mediación familiar, perspectiva contractual”, *Aranzadi Civil*, 26, 2006.
- PÉREZ MARTELL, R.: *Mediación civil y mercantil en la administración de justicia*, Valencia, 2008.
- PLANES MORENO, M.D.: “UNIONES DE HECHO Y RELACIONES PATERNO-FILIALES”, EN *Los procesos de familia: una visión judicial*, E. Hijas Fernández, coord., Madrid, 2007, pp. 65-105.
- ROMERO NAVARRO, F.: “La mediación familiar, un ejemplo de aplicación práctica, la comunicación a los hijos de la separación de los padres. El papel del mediador”, *Revista del Ministerio de Trabajo y Asuntos sociales*, nº 40, 2002, pp. 31-53.

- ORTUÑO, P.; VÁZQUEZ, P.: “La mediación civil y penal (alternativas a la judicialización de los conflictos)”, en *La mediación civil y penal. Un año de experiencia*, Madrid, 2007, pp. 73-83.
- SÁNCHEZ PRIETO, A.: “Mediación familiar y el abogado”, en *Mediación y protección de menores en Derecho de Familia*, Madrid, 2005, pp. 51-66.
- TORRERO MUÑOZ, M.: “La mediación familiar: una alternativa a la resolución de los conflictos familiares”, *Actualidad Civil*, nº 3, 2000, pp. 857-874.